



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CAMBRE

Aprobación provisional da modificación da ordenanza fiscal núm. 5

ANUNCIO

De conformidade co establecido no artigo 17 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Pleno da Corporación do Concello de Cambre, en sesión ordinaria de data 31 de marzo do 2022, adoptou, entre outros, os seguintes acordos:

Primeiro: Aprobar inicialmente a modificación dos artigos 3, 4, 6, 7, 8, 9, 12, 13, así como a inclusión dunha Disposición Final da ordenanza fiscal nº 5 reguladora do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana.

Segundo: Someter o expediente a información pública mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de edictos da corporación, na sede electrónica do concello e nun dos diarios de maior tirada da provincia, durante 30 días, a contar desde o seguinte ao da inserción do anuncio no Boletín Oficial da Provincia, prazo durante o cal os interesados poderán examinar o expediente e presentar cantas alegacións estimen oportunas.

No caso de non presentarse alegacións, o acordo entenderase definitivamente aprobado, sen necesidade de novo acordo plenario, e inserirase o anuncio de aprobación definitiva no BOP xunto co texto íntegro da modificación operada.

No suposto de que non se presentaran reclamacións contra o mesmo, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo ata entón provisional.

Terceiro: Publicar no Boletín Oficial da Provincia os acordo definitivos así como o texto íntegro da Ordenanza modificada, entrando en vigor ao día seguinte da súa publicación, manténdose vixenta ata a súa modificación ou derrogación expresa.

Cambre, 1 de abril de 2022

A concelleira delegada da área de Economía,

Facenda e Recursos Humanos

PD. (R.A. núm. 1323/2019, do 1 de xullo)

María Dolores Pan Lesta

2022/1755